



# CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · REL 01150709 · CIF P1507100D

<https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Ref.: JMCA

Expediente núm. 2024/E001/000003  
2024/G003/000835

## DECRETO DO CONCELLEIRO-DELEGADO DA ÁREA XESTIÓN ECONÓMICA, PLANIFICACIÓN URBANA, SERVIZOS Á VECIÑANZA E RECURSOS HUMANOS.

### ANTECEDENTES DE FEITO

Mediante o Decreto núm. 619/2024, do 27 de marzo (2024/G003/000648) o concelleiro-delegado da Área de Xestión Económica, Planificación Urbana, Servizos á Veciñanza e Recursos Humanos, aprobou a convocatoria e as bases correspondentes para a selección e ulterior contratación de catro (4) auxiliares de Policía local, por un período de catro (4) meses dentro do ano natural de 2024.

A convocatoria e as súas bases foron publicadas no *Boletín Oficial* da Provincia da Coruña (BOP) núm. 65, do 03/04/2024. Tamén se publicaron no taboleiro electrónico e na páxina *web* municipal.

Un extracto da convocatoria foi inserido, consonte dispoñen as bases, nun xornal dos de maior circulación de Galicia, na edición xeral do 03/04/2024.

O prazo de presentación de solicitudes principiou o 04/04/2024 e rematou o 17/04/2024.

Mediante o Decreto núm. 780/2024, do 18 de abril (2024/G003/000760), aprobouse a lista provisional de persoas admitidas e das excluídas, concedendo o preceptivo prazo de dez días hábiles para reclamacións.

Durante o prazo referido anteriormente emendaron a súa solicitude varias das persoas aspirantes inicialmente excluídas, polo que procede a súa admisión.

### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

As bases números 6 e 7 das reitoras da convocatoria, establecen o seguinte:

#### “6. Admisión de aspirantes

Unha vez rematado o prazo de presentación de instancias, o alcalde ou a Concellaría-Delegada ditará no prazo máximo dun mes a resolución pola que aprobará a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas que se fará pública no taboleiro de anuncios da sede do Concello <https://sede.aspontes.org/opencms/es/informacion/tablon/> conferíndose un prazo de dez días hábiles para os efectos de reclamacións nos termos do art. 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

As reclamacións, se as houbera, serán resoltas na resolución pola que se aproba a listaxe definitiva que se publicará do mesmo xeito que a provisional. Nesta mesma resolución figurará a composición do tribunal; e o lugar, a data e a hora de celebración da primeira proba. No caso de que, por circunstancias excepcionais, houbera que modificar o lugar, a data ou a hora da primeira proba, publicarase no taboleiro de edictos electrónico do Concello e, aínda que sen carácter preceptivo, na páxina *web* municipal.

#### 7. Órgano de selección



# CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · REL 01150709 · CIF P1507100D

<https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Ref.: JMCA

7.1. A designación das persoas integrantes do órgano de selección realizarase de conformidade co establecido no artigo 60 da Lei do estatuto básico do empregado público, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro; no artigo 34 da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais (de Galicia); e no artigo 48 do texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, aprobado polo Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, para garantir, en todo caso a súa composición paritaria.

7.2. Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándoo ao órgano convocante cando concorran neles circunstancias das previstas no art. 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, ou se realizasen tarefas de preparación ás probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

Asemade, as persoas aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran as ditas circunstancias.

7.3. O órgano de selección non poderá constituírse nin actuar sen a presenza de, polo menos, tres dos seus membros, titulares ou suplentes indistintamente. En todo caso será preceptiva a asistencia das persoas que ostenten a presidencia e maila secretaria do órgano, sexan titulares ou suplentes.

7.4. O órgano de selección resolverá todas as dúbidas que puidesen xurdir na aplicación destas normas, así como o que se deba facer nos casos non previstos.

7.5. O órgano de selección poderá dispoñer a incorporación aos seus traballos de persoas con labores de asesoramento para as probas que estime pertinentes, limitándose esas a prestar a súa colaboración nas súas especialidades técnicas.

7.6. As persoas membros do órganos de selección deben pertencer a un corpo, escala ou categoría profesional para o ingreso no cal se requira unha titulación de nivel igual ou superior ao exixido para participar neste proceso selectivo.

7.7. O tribunal cualificador estará constituído por:

- Presidente/a: unha persoa coa condición de funcionaria de carreira ou persoal laboral fixo.
- Secretario/a: unha persoa funcionaria de carreira.
- Vogais: tres vogais (persoal funcionario de carreira ou laboral fixo).

Ademais das persoas titulares serán nomeadas as súas suplentes.”

Correspóndelle ao concelleiro-delegado da Área de Xestión Económica, Planificación Urbana, Servizos á Veciñanza e Recursos Humanos ditar a presente resolución, en virtude das atribucións delegadas pola Alcaldía a través do Decreto núm. 1529/2023, do 5 de xullo (BOP núm. 133, do 13/07/2023).

Por todo o indicado anteriormente, a través do presente decreto, RESOLVO:

1. Aprobar a relación **definitiva** das persoas aspirantes admitidas e excluídas no proceso selectivo de **catro auxiliares de Policía local**, nos seguintes termos:

a) Persoas aspirantes definitivamente **admitidas**:

N.º	APELIDOS E NOME	DNI	CELGA 3 OU EQUIVALENTE	CURSO AGASP	OBSERVACIÓNS (non excluíntes)
1	Abal Chaves, Reinaldo	***9054**	Si	Si	
2	Alonso Girón, Miguel	***1501**	Si	Non	



# CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · REL 01150709 · CIF P1507100D

<https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Ref.: JMCA

3	Caaveiro Fornos, Sonia	***2855**	Si	Si	
4	Camino Loureiro, Elena	***8286**	Si	Non	
5	Carpente Leira, Lorena	***4159**	Si	Non	
6	Casal Funcasta, Pablo	***4036**	Si	Non	
7	Casar Folgar, Alejandro Luís	***0163**	Si	Non	
8	Castro Lage, Sara	***8120**	Si	Non	
9	Corbeira Insua, Enrique	***5918**	Si	Non	
10	Fernández Caravantes, Julio	***2333**	Si	Non	
11	Fernández Rielo, Nabor	***5800**	Si	Non	
12	Filgueira Veiga, Juan Pablo	***1561**	Si	Si	
13	Formoso Meizoso, Rafael	***9118**	Si	Si	
14	Franco García, Álvaro	***8894**	Si	Si	
15	Gago Galdo, Alejandro	***1674**	Si	Si	
16	García Gómez, Pablo	***3465**	Si	Non	
17	García Muruais, Marcos	***8252**	Si	Non	
18	García Tombo, Jorge	***5222**	Si	Non	
19	Guerreiro Pin, Joan Manuel	***9291**	Si	Non	
20	Hermida Fresco, Sergio	***2630**	Si	Non	
21	Iglesias Rodríguez, Cristina	***1417**	Si	Si	
22	López Aguilar, Samy Alexander	***0405**	Si	Non	
23	López Santiago, César	***9448**	Non	Non	
24	López Ulloa, Paula	***2305**	Si	Si	
25	Lorenzo Castro, Raquel	***2855**	Si	Si	
26	Lourés Liñares, Mirella	***2082**	Si	Si	
27	Martínez Freire, Adrián	***4174**	Si	Non	
28	Martínez Martínez, María	***2558**	Si	Non	
29	Martínez Seijo, Gabriel	***4688**	Si	Non	
30	Muiños Portela, David	***1434**	Si	Non	
31	Padín Fernández, Paula	***3779**	Si	Non	
32	Paz Lueiro, Óscar	***9268**	Si	Non	
33	Prego López, Jonathan	***4445**	Si	Si	
34	Rivas Braña, Noel	***7869**	Si	Non	
35	Roca Longueira, Jaime Alberto	***3441**	Sí	Non	
36	Roca Paz, Junior	***4041**	Si	Non	
37	Sindín Vila, Beatriz	***5221**	Si	Non	
38	Vázquez Méndez, Rafael	***0144**	Si	Non	
39	Velo Varela, Perfecto	***1701**	Si	Si	
40	Vilaboy Romero, Miguel Ángel	***1350**	Si	Si	
41	Vivero Aldrey, Rubén Darío	***2862**	Si	Si	
42	Vizoso García, Brais	***1587**	Si	Si	



# CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · REL 01150709 · CIF P1507100D

<https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Ref.: JMCA

b) Persoas aspirantes definitivamente **excluídas**:

Nº	APELIDOS E NOME	DNI	CELGA 3 OU EQUIVALENTE	CURSO GASP	CAUSAS DE EXCLUSIÓN	OBSERVACIÓNS (Non excluíntes)
1	Rebolo Taboada, Xesús Manuel	***8236**	Si	Non	2	

## CAUSAS DE EXCLUSIÓN:

- (1) Non presenta o reverso da titulación académica
- (2) A solicitude non se presenta na sede electrónica do Concello das Pontes (punto 5 das bases da convocatoria). Defecto **non** emendable.
- (3) Non achega o reverso do DNI
- (4) Non presenta o DNI
- (5) Non aporta a titulación académica requirida

2. O feito de figurar na relación provisional de admitidos/as non prexulga que se lles recoñeza ás persoas interesadas a posesión dos requisitos esixidos de conformidade coas bases da convocatoria, polo que aínda no caso de se presentaren ao proceso selectivo, e mesmo superalo, nos termos das bases, se se comproba que non posúen algún ou algúns dos requisitos, decaerán en todos os dereitos que puideran derivarse da súa participación no proceso selectivo.

3. **Designar** as seguintes persoas, todas elas persoal funcionario de carreira ou laboral fixo deste concello, para integrar o **órgano de selección** (tribunal) na condición que en cada caso se indica:

### - **Presidencia:**

- . Titular: Richard González Alonso, policía local
- . Suplente: Anselmo Pellón Augusto, oficial-xefe da Policía Local

### - **Secretaría:**

- . Titular: Ana Isabel Caaveiro Franco, funcionaria da escala de administración xeral (subgrupo C1)
- . Suplente: Julia Guerreiro Rodríguez, funcionaria da escala de administración especial (subgrupo A2)

### - **Vogalías:**

1ª):

- . Titular: Juan José Pita Grandal, policía local
- . Suplente: Óscar Ferreiro Filgueiras, policía local



# CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · REL 01150709 · CIF P1507100D

<https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Ref.: JMCA

2ª):

- . Titular: Isabel Carballo Rivera, persoal laboral fixo (asimilada ao subgrupo C2)
- . Suplente: Guadalupe Rouco Alonso, funcionaria da escala de administración xeral (subgrupo C1)

3ª):

- . Titular: Lucía Legaspi Bouza, policía local
- . Suplente: Marcos Bouza Vérez, policía local

## - Persoal colaborador:

O órgano de selección (tribunal) poderá solicitar o auxilio de persoal administrativo ou subalterno de apoio, de ser necesario, designado de entre o persoal funcionario ou laboral da entidade local por esta Concellaría-Delegada.

**4. Fixar o lugar, día e hora de constitución do tribunal e de realización da proba de coñecementos da oposición e, de o caso da de coñecemento da lingua galega e convocar ás persoas aspirantes admitidas, nos seguintes termos:**

a) Día: **xoves, 9 de maio de 2024**

b) Lugar: **Área recreativa Xosé Ferro**, situado no parque da Fraga - As Pontes de García Rodríguez

c) Constitución do tribunal: **09:30 horas.**

d) Realización da proba de avaliación de coñecementos (obrigatoria e eliminatória): **10:00 horas**

e) Realización da proba de galego, de ser o caso: **12:00 horas**

f) **Convocar** as persoas integrantes do **tribunal** para a constitución do dito órgano no lugar, data e hora sinalados.

g) **Convocar** as persoas **aspirantes** para a realización da **proba de coñecementos** e da proba de **lingua galega** no lugar, día e hora indicados. As persoas aspirantes deberán levar o documento de identificación (**DNI** ou pasaporte).

**5. Publicar esta resolución no taboleiro electrónico do concello das Pontes de García Rodríguez (<https://sede.aspontes.org/opencms/gl/informacion/>) e na páxina web municipal, para os efectos de coñecemento por parte do persoal aspirante e de impugnacións e recursos.**

Esta resolución, que pon fin á vía administrativa, pode ser recorrida mediante a interposición de recurso potestativo de reposición ante a Concellaría Delegada competente, no prazo dun mes a contar desde a súa publicación no taboleiro electrónico, de acordo co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; ou directamente a través da interposición de recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, perante o



## **CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)**

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · REL 01150709 · CIF P1507100D

<https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Ref.: JMCA

Xulgado do Contencioso-Administrativo núm. 1 de Ferrol -ou o que resulte competente se a persoa recorrente fai uso da facultade de elección que lle permite o artigo 14.1, regra segunda, da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa (LRXCA)-.

Todo iso sen prexuízo da realización de cantas accións coide oportunas na defensa dos seus intereses lexítimos.

As Pontes de García Rodríguez, na data da sinatura dixital

O concelleiro-delegado da Área de Xestión Económica, Planificación Urbana, Servizos á Veciñanza e Recursos Humanos

Antonio Alonso Román